



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE DECEMBRO DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día catorce de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Non asiste e presenta escusa don Juan González Leirós.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 7 de decembro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 2 de decembro de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 26 de novembro de 2015, polo que se aproba a instrución que regula a rendición telemática da conta xeral das entidades locais e o formato da citada conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015. (Boletín Oficial do Estado número 295, do 10 de decembro de 2015).

- Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se modifica a de 28 de decembro de 2012, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos. (Boletín Oficial do Estado número 295, do 10 de decembro de 2015).

- Resolución do 26 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral de Emprego, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2016, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma



de Galicia. Figura o Concello de Cambre cos días 9 de febreiro, martes de entroido e 16 de agosto, festa local de Cambre. (Diario Oficial de Galicia número 234, do 9 de decembro de 2015).

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 2135/2015 e remata coa resolución da alcaldía número 2169/2015.

### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

#### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- O pasado día 10 de decembro asistiu xunto co concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, ao Concello da Coruña a unha reunión cos alcades da Coruña e da área metropolitana para tratar o proxecto EDUSI.
- Acudiu ao pleno do Consorcio das Mariñas que tivo lugar o venres 11 ás 12:00 horas.
- Estivo presente nos actos do XXXII certame de pintura Concello de Cambre correspondentes á entrega de premios e inauguración e no evento "Artificios" como logo informarán os concelleiros delegados de área.
- O domingo 13 tivo lugar o xa tradicional Belén Vivinte de Bribes coa súa comida popular á que asistiron el e os concelleiros de Cultura e Tradicións Populares e Urbanismo e Medio Ambiente.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta do seguinte asunto:

- O pasado venres, día 11 de decembro, tivo lugar a entrega de premios do "XXXII certame de pintura Concello de Cambre" na Casa da Cultura Vila Concepción. O primeiro premio foi "Extraño imaxinado", de Vicente Blanco. Segundo premio, "Jalicia is my country. O Corpiño", de Xurxo Lobato e os accesit foron "Yo, Agua", de Raúl Álvarez e "¡Silencio! El mundo se derrumba", de Verónica Salgado. As obras seleccionadas expoñeranse dende o día 11 de decembro ata o 31 de xaneiro de 2016. Estiveron presentes os concelleiros da Corporación don Manuel Rivas Caridad, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga, dona María Jesús González Roel, dona María José García Hidalgo, dona Leonor Fernández Grande, dona María Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**



Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- Unha vez efectuada a obra de insonorización de columnas na sala número 3 dos locais de ensaio municipais, queda pendente a realización da proba de son que se realizará o vindeiro martes 15, en horario nocturno.
- O sábado 12 tivo lugar na base de protección Civil de Cambre o obradoiro de primeiros auxilios, cun total de 12 participantes, en horario de 10:00 a 14:00 horas.
- Dende o departamento de Xuventude estase a levar a cabo o programa de Corresponsais Informativos nos institutos IES Alfonso X Sabio e IES David Buján. Isto serve de canle para facerlle chegar aos moz@s información, programas e actividades xuvenís, así tamén para que trasladen ao Concello as súas iniciativas de participación ou demandas, aproveitando que a Xunta está a facer un programa de apoio aos corresponsais enviando información directamente aos seus correos electrónicos. A idea foi moi ben acollida polos dous centros escolares, despois de ter conversas cos directores, tendo en total 5 corresponsais, 2 no IES David Buján e 3 no IES Alfonso X Sabio.
- O sábado día 12 tivo lugar a masterclass de zumba no polideportivo do Temple co fin de recadar produtos de hixiene doméstica e persoal. O evento contou cunha alta participación e moi boa valoración do técnico responsable do Voluntariado de Cambre tendo en conta o recadado para a Despesa Municipal.
- O domingo día 13 tivo lugar no polideportivo Sofía Toro o Trofeo Alquimia de patinaxe artística. O campionato tivo lugar ao longo de todo o día, por conta do Club de Patinaxe Alquimia de Cambre.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- Evento “Artificios” Promoción de artesáns e emprendedores: O día 12 de decembro a inauguración do evento “Artificios”, pop up para a promoción de produtos de artesáns e emprendedores do Concello de Cambre, tivo lugar en Vila Concepción ás 11:00 horas. O señor alcalde propuxo esta iniciativa e se levou a cabo con moito éxito.

Na apertura do evento estiveron o Grupo Musical Sementeira co seu cuarteto de vento.

Os artesáns que formaron parte do evento foron; Triavero, Acastresa , AbRocha, .D&N Rei Joyas, My Mary roupa infantil, Belategui Regueiro , Vaitevindo, O vidro por Polo Enríquez e Panchi Moran. “A Estación” presentou unha cata dos petiscos creados por Beatriz Sotelo e Xoan Crujeiras estrelas Michelin do restaurante A Estación.

- O día 13 continuou o evento e ás 12:00 horas fíxose a poxa benéfica dos Artificios a prol da Asociación ADRA, recadándose 380 euros que o señor alcalde entregou na clausura do evento a don Ricardo Pita Mosquera xerente da asociación.

A clausura do evento Artificios rematou co concerto do trío de jazz “ Nani García”.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia